


# GUÍA DE VERÁN PARA MAIORES 2016

## BIBLIOTECA DO IES DE VILALONGA



Queremos vivir nun mundo onde o 1% da poboación acumula mais riqueza que o 99% restante ou nun planeta onde todos teñamos as mesmas oportunidades? A economía é unha relación entre persoas na que cada decisión inflúe no noso destino individual, social e global. Isto e moito mais é o que nos explica o autor de xeito claro e sinxelo.



Non estou seguro do que crees que estás a piques de ler. Pero sexa o que sexa o que esteas a pensar, equivócate. Isto é unha crónica do Libro do Bullying e do que me fixo. Como o combatín e a forma en que el se defendeu. Nunha ocasión cheguei a pensar que o Libro do Bullying era un mito. Logo, tal vez un misterio que eu podería resolver. Agora sei que é un monstro e estou a tentar destruílo. Estás comigo... ou co Libro?




O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo dende a época da Grecia clásica ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo. Se algunha vez vos preguntaches por que o ceo é azul, como sabemos a distancia que hai ata a lúa ou o sol ou cal é a idade do universo atoparedes a resposta e moitas outras lendo este libro.

Diego Ameixeiras  
*A noite enriba*



Novela negra na que un escritor obsesionado con David Goodis emprende a redacción dunha biografía novelada do autor norteamericano. Unha novela ateigada de homenaxes literarias pero onde tamén aparecen policías corruptos ou traficantes de droga, en escenarios tan distantes como as rúas de Ourense ou a Filadelfia natal de David Goodis.




Camiñando por Africa é como mellor se percibe a esencia de África, que non é outra que a esencia mesma da palabra "aventura". Reverte narra o seu paso polo fantasmal lago Turkana, no norte de Kenia, polo Tanganika, en Tanzania, ou Chitambo, unha pequena aldea de Zambia, o seu reencontro cos habitantes e paisaxes do África dos nosos días, salpicándoos con pinceladas do pasado do continente negro, do colonialismo europeo e a idade das exploracións.



A comezos do século xx España foi anexionada ao maior imperio que Europa coñeceu. Tras a pacificación, as elites militares elixen un pequeno pobo de Estremadura como gratificación para os mandos a cargo da ocupación. Eva Holman, esposa dun deles, vive o seu idílico retiro na paz da súa conciencia ata que recibe a visita inesperada dun home que empezará ocupando a súa propiedade e acabará por invadir a súa vida enteira.

Cristina Fernández Cubas  
*LA HABITACIÓN DE NONA*



A autora fai un percorrido pola infancia e a madurez, a soidade e a familia, a vida diaria das nosas casas e as nosas cidades e todo iso con historias onde se agachan un certo misterio, a sorpresa

# GUÍA PARA OS MÁIS NOVOS VERÁN 2016

## BIBLIOTECA DO IES DE VILALONGA



Paloma cursa 1º de bacharelato pero non é como a maioría dos seus compañeiros: gústalle estudar, é tímida, non se preocupa por ir á moda. Un grupo da súa clase cree que debe pagar por ser diferente e empezan a acosala.



Xosé Lois viaxa, a través das letras do noso abecedario, polo universo literario do tamén coñecido como autor da Terra Chá.



Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa. A Tremenda pero un andazo de febre escarlatina acaba coa vida da nena. A noticia da súa morte corre como a pólvora e empezan a chegar ao hotel defuntos de todas as procedencias. Para aprender a ser unha pantasma Esmeraldina contará coa axuda de Lady Horreur, unha araña francesa que se converterá na mellor mestra e amiga, e Nicotina, unha vaqueira que teima en levala ao seu novo fogar: o Alén Mundo.




Juan pensa que o amor é unha estupidez ... ata que se namora de Sara. Cando ela lle propón roubar os exames, el non é capaz de negarse porque está toliño por ela.



Anabel ten unha familia moi moi especial xa que todos teñen superpoderes: facerse invisible, moverse á velocidade do raio... pero ela aínda non sabe cal é o seu poder e vai tentar descubri-lo.



**August**, un rapaz coa cara deforme que sempre estivo protexido pola súa familia vai ir por primeira vez á escola onde aprenderá a lección mais importante da súa vida: aceptarse, integrarse e saber que sempre atopará unha man amiga. A segunda entrega amósanos o punto de vista de **Julian**, o neno que peor trata a August e que non soporta velo non é capaz de darse conta das consecuencias dos seus actos. Pero alguén lle pode dar unha lección. A terceira entrega nos mostra a visión de **Charlotte**, a rapaza elixida para acompañar a August durante os primeiros días do curso. Intelixente e amable tamén loita por atopar o seu lugar e ser aceptada..



"O tío de Edgar vive nunha casa alén do bosque. Un día, o tío de Edgar fascínoa cunha serie de contos arrepiantes que aparentemente aconteceron en verdade. Como chegou o tío Montague a coñecer tantas historias de obxectos malditos? Descubrirá Edgar a verdade? Conseguirá cruzar o bosque a pesar domedo que lle da?"


# Guía Cómics Verán 2016



## EL ALA ROTA

A nai de Petra morreu ao dar a luz á súa filla e o seu propio pai intentou matala facendoa responsable da desgraza. Desde entón Petra ten o brazo inmóbil agora, nos seus últimos días de vida, o seu fillo, **Antonio Altarriba**, descobre que ela o mantivo en segredo este feito. A percepción de Antonio cambia radicalmente e entón, reconstrúe a historia da súa nai, muller devota e sufridora, que foi maltratada por un país dominado por homes.

Esta vez, o torpe e fráxil detective **Jack Palmer** traballa como gardaespalda para un millonario coleccionista de arte; e o que podería ser unha magnífica estancia en Bretaña, convértese nunha auténtica catástrofe. Jack vese envolto en dous novos sucesos: a misteriosa morte dun empresario e un crime contra unha obra de arte por cuxa compra competían as maiores fortunas. Unha caricatura sobre un tema tan polémico como o coleccionismo e compra-venta de obras de arte intercalado coas particularidades locais dos habitantes da rexión.



En **Página Negra** atopamos unha narración dobre. Por unha banda, a historia dunha xornalista nova que busca a entrevista da súa vida a un escritor que ninguén viu e do que só se coñece o nome a pesar dos best-sellers que publicou. Por outro, o dunha refuxiada do Líbano que busca cambiar a súa vida e acaba e anda á procura do soldado israelí que non acabou coa súa vida. E entre ambas as mulleres, un home, ese escritor que moldea a realidade e a ficción o seu antollo, provocando unha fascinación no lector que abarca diferentes aspectos.

"**Antonio Hernández Palacios** foi e é un dos grandes autores do Cómics europeo e **O Cid** a súa obra paradigmática. Agora, por fin, poñemos a disposición de todos os amantes do 9º Arte unha cuidada edición íntegra deste extraordinario traballo que, pensamos, fai honor ao seu creador. Rodrigo Díaz de Vivar cabalga de novo polos páramos casteláns en compañía de Sancho II de Castela e na impresionante beleza das súas páxinas ofrécelenos unha oportunidade única de asomarnos aos convulsos tempos que lles tocaron vivir."



Página Negra



Javi xa non pode máis. abandonou o traballo de deseñador gráfico que tiña en España para irse a vivir a **Berlín** só, sen emprego, sen piso, sen saber unha soa palabra de alemán e coa idea de dedicarse por fin ao que sempre quixera: debuxar tebeos. Aínda que ao principio as cousas non son fáciles, na capital alemá fará grandes amigos e recuperará a ilusión polo debuxo.

## QUEN SE ATREVE A CASTIGAR os CORRUPITOS?

10 de marzo de 2014, Juan Taboada, comercial do Banco Ovejero, aparece morto no seu domicilio por presunto envelenamento. Faci tres días, José Manuel da Vila, conselleiro delegado de Bancamar, foi atropelado por un coche e esa mesma tarde morre no hospital. Nun escenario onde os altos cargos que levaron o país á quebra son recompensados con indemnizacións millonarias e a cidadanía sofre as consecuencias da fraude bancaria pola venda de accións preferentes, a Inspectora Tabares e o inspector Sotillo deben descubrir que relación existe entre os crimes recentes e a crise financeira. Unha historia de vinganza, escrita e ilustrada por Miguelanxo Prado (Papeis dispersos, Ardalén, Tangencias), que vira ao redor de dous temas que resoan a diario na prensa: os deshaucios e a corrupción



# CINE NA BIBLIOTECA - VERÁN 2016-



**Carlos**, executivo de banca, comeza a súa rutineira mañá levando aos seus fillos ao colexio. Cando arrinca o coche, recibe unha chamada anónima que lle anuncia que ten unha bomba debaixo do asento e que dispón apenas dunhas horas para reunir unha elevada cantidade de diñeiro; se non o consegue, o seu coche voará polo aire. (FILMAFFINITY)

Premios

**2015:** Premios: Goya ao mellor sonido, Premio Goya a mellor montaxe



**Darío**, un mozo de dezaseis anos, goza da vida con **Luismi**, o seu veciño e amigo da alma. Manteñen unha amizade incondicional, coñécense desde nenos e xuntos descubriron todo. Tras a separación dos seus pais, **Darío** foxe de casa e empeza a traballar no taller de **Caralimpia**, un vello delincuente con aires de triunfador, que lle ensina o oficio e os beneficios da vida. **Darío** coñece ademais a **Antonia**, unha anciá que recolle mobles abandonados co seu motocarro. Ao seu lado descobre outra forma de ver a vida. (FILMAFFINITY)



O conflito palestino-israelí serve de pano de fondo a este drama. **Salma**, unha viúva palestina, ten un litixio co ministro de Defensa israelí. A casa deste, na fronteira palestino-israelí, linda co seu campo de limoeiros. Cando as autoridades deciden que as árbores deben ser talladas porque representan unha ameaza para o ministro de Defensa e a súa familia, **Salma** decide emprender unha batalla legal para salvar as súas limoeiros. (FILMAFFINITY)



É 1953, **Kilian** abandoa a montaña oscense para emprender co seu irmán unha viaxe a **Fernando Poo**, unha antiga colonia española en **Guinea Ecuatorial**. Alí espéralles o seu pai, na leira **Sampaka**, onde cultiva un dos mellores cacaos do mundo. Na colonia descubrirán que a vida social é máis pracenteira que na encorsetada e gris **España**, vivirán os contrastes entre colonos e nativos e coñecerán o significado da amizade, a paixón, o amor e o odio. (FILMAFFINITY)



Documental sobre a xente e os seus pobos (**Abideira, Porto, Castro Candaz, Santa Marta, Pincelo, Ponche fortes, A Samugueira, San Paio, Mourulle, Portomeñe, A Hermida, Ribó...**), asolagados polo encoro de **Belesar** en 1963. Imaxes e sons da **Ribeira Sacra** e do río **Miño**; dos restos das casas, das adegas, das árbores... e especialmente, dos dez testemuños que viviron nestes lugares antes da construción do salto e que se viron obrigados a deixalo todo. (FILMAFFINITY)